



O CHUVI ACADOU CIFRAS HISTÓRICAS DE DOAZÓNS DE CORAZÓNS E PULMÓNS

- *Grazas aos 27 doadores obtivéronse 75 órganos, entre eles 9 corazóns e 18 pulmóns*
- *O Chuvi rexistrou o primeiro caso en Galicia de doazón de órganos tras a aplicación da prestación de Axuda para a morte asistida*
- *Ademais, desenvolveuse por primeira vez o Programa de Coidados orientados á doazón de órganos, nun caso de enfermidade neurodexenerativa avanzada*
- *En canto á actividade transplantadora, hai que destacar o espectacular incremento dos transplantes de córneas, implantando 73, un 55% máis que o ano anterior*

Vigo, 12 de xuño de 2023. O pasado ano, o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo rexistrou datos históricos nas doazóns de determinados órganos, acadando a doazón de 9 corazóns e 18 pulmóns.



Isto foi posible grazas aos 27 doadores, dos que se extraeron un total de 121 órganos e tecidos. En concreto, 75 órganos (9 corazóns, 14 fígados, 1 páncreas, 18 pulmóns e 33 riles) e 46 tecidos (córneas, ósos, e segmentos vasculares).

Estes datos supuxeron un incremento do 32% de doadores con respecto ao ano anterior e dun 15% de órganos xerados.

Primeiro caso de doazón tras a Axuda a Morrer

No balance da actividade de doazón hai que subliñar dúas novidades moi significativas. Unha delas é que se rexistrou o primeiro caso de Galicia dunha doazón de órganos dun paciente tras a aplicación da prestación de Axuda para a morte asistida.



A segunda novidade foi que, por primeira vez, a Área de Vigo desenvolveu o *Programa de Coidados orientados á doazón de órganos* nun caso de enfermidade neurodexenerativa avanzada.

Segundo explica o Coordinador de transplantes do CHUVI, Lucas Lage "ambos casos foron de gran importancia xa que nos permitiu planificar con antelación á actividade extractora, e garantir a calidade dos órganos a extraer, polo que resultaron doadores moi efectivos. Aproveito para reiterar o noso profundo agradecemento aos doadores e ás súas familias, xa que nuns momentos tan duros decidiron regalar vida realizando o xesto de maior xenerosidade e solidariedade".

Perfil do doante

No que atinxe ás causas de morte dos doantes, os motivos principais foron os accidentes cerebrovasculares (56%), seguidos de lesión cerebral por parada cardíaca (28%), e dos traumatismos craneoencefálicos por accidentes non de tráfico (8%). Un dato anecdótico é que o pasado ano non se rexistrou ningún doante por accidente de tráfico.

A idade media do doante foi de 58 anos (nun rango de 23 a 76 anos).

Un 55% máis de transplantes de córneas

No referido á actividade transplantadora, no pasado ano realizáronse 79 transplantes de tecidos (73 córneas e 6 membranas amnióticas).

Cabe subliñar o espectacular incremento das queratoplastias (transplante de córneas), un 55% máis que o ano anterior.

Ademais, realizáronse 42 Transplantes de proxenitores hematopoiéticos (medula ósea).